

4ª DE ESO.

Hola rapaces, unha semana máis vémonos na necesidade de traballar desde a distancia. Antes de nada, espero que todos estedes ben, xunto coas vosas familias. Envíovos unha gran e sentida aperta co todo o meu ánimo e coa ilusión de que pronto estaremos xuntos novamente.

Está semana iniciamos o tema nove. A continuación tedes un pequeno resumo dunha parte do tema para situarnos. Tedes que ler o resumen. Intentade facer os exercicios. Unha vez realizada toda a tarefa, repasadea e intentar memorizar os datos máis importantes.

A CRISE DA RESTAURACIÓN E A SEGUNDA REPÚBLICA EN ESPAÑA.

O SISTEMA DA RESTAURACIÓN (1874-1902).

En 1874 foi restaurada en España a monarquía borbónica, na persoa do fillo de Isabel II, Alfonso XII. Pero en 1931, o descontento social provocou o derrocamento da monarquía, dando paso á Segunda República. O enfrontamento político entre partidos de esquerda e dereita desembocou no estallido da Guerra Civil (1936-1939).

O sistema política da Restauración baseouse en dous alicerces, a Constitución de 1876 e o turnismo no poder dos dous principais partidos.

A Constitución de 1876 era moderada, pero o bastante flexible como para que os dous partidos puidesen gobernar: establecía unha declaración de dereitos, a soberanía compartida entre o Rei e as Cortes e un sufragio a determinar polo partido gobernante.

O turnismo consistiu na alternancia pacífica no poder do partido Conservador, dirixido por Cánovas do Castelo, e do Partido Liberal de Sagasta, mediante eleccións amañadas e a influencia dos caciques comarcales e locais.

Os problemas da Restauración foron numerosos, destacando os seguintes:

- Os inicios do rexionalismo, especialmente entre os cataláns, que reivindicaron a súa autonomía, e entre os vascos, que defendían os seus fueros e tradicións.
- O auxe do movemento obreiro, manifestado na difusión do anarquismo e do socialismo, que deu orixe á fundación do PSOE (1879) e da UGT (1888).
- O desastre de 1898, como consecuencia da derrota fronte a Estados Unidos,

provocou a perda de Cuba, Porto Rico e Filipinas, e unha profunda crise moral e ideolóxica.

A CRISE DO SISTEMA DA RESTAURACIÓN. O REINADO DE ALFONSO XIII.

Ao longo do reinado de Alfonso XIII (1902-1931), o sistema da Restauración pasou por tres etapas: o mantemento da quenda de partidos, a descomposición do sistema e a Ditadura de Primo de Rivera.

1. O mantemento da quenda de partidos(1902-1917).Correu a cargo de dous novos líderes: Antonio Maura, do partido Conservador, e Xosé Canalejas, do Liberal.

Ambos intentaron sen éxito acabar co caciquismo e modernizar o país.

O problema principal foi a Semana Tráxica de Barcelona (1909), consistente en graves disturbios provocados polo descontento da guerra con Marruecos.

2. Descomposición e crise do sistema(1917-1923).Os problemas agudizáronse e en 1917deron lugar a unha tripla crise:

- crise militar, ao reclamar o Exército melloras salariais e ascensos por antigüidade e non por méritos de guerra.
- crise política, ao constituírse en Barcelona unha asemblea de parlamentarios que reclamou unha nova constitución.
- crise social, ao convocar os partidos e sindicatos de esquerda unha folga xeralen protesta pola subida de presos para derrocar ao goberno.

Nos anos seguintes a situación agravouse: aumentaron os conflitos sociais e as folgas pola crise económica,e na guerra de Marruecos, a derrota de Annual (1921) causou unha gran conmoción en España. Nesta situación,o xeneral Primo de Rivera deu un golpe de estado (1923) e impuxo unha ditadura.

3. A ditadura do xeral Miguel Primo de Rivera e o fin da monarquía.

A ditadura (1923-1930) ten dúas fases:

- O Directorio Militar (1923-1925), que suspendeu a Constitución de 1876, disolveu as Cortes, prohibiu os partidos políticos, reprimiu o movemento obreiro e o nacionalismo e derrotou aos marroquíes.

- O Directorio Civil (1925-1930), que fomentou a agricultura e a industria, impulsou mellorando os ferrocarrís. Pero, ante a crise económica de 1929, o rexurdir do movemento obreiro e dos nacionalismos e a oposición dos intelectuais, Primo de Rivera dimitiu en 1930.

Intentouse entón volver ao sistema parlamentario. Pero o desprestixio da monarquía fixo que nas eleccións municipais de abril de 1931 triunfasen os republicanos nas grandes cidades, o que provocou a saída de España de Alfonso XIII e a proclamación da Segunda República.

EXERCICIOS.

1. Le o seguinte e responde:

Madrid, 2 de abril de 1933.

Querido Julián:

quixera escribirche antes, pero non me foi posible. Fágoo hoxe, domingo, procurando cinguirme ás obxeccións contra o «fascio,» de que me dás noticia na túa carta.

1. «Que non ten outro medio que a violencia para conseguir o poder». Primeiro, que iso é historicamente falso. Aí está o exemplo de Alemaña, onde o nacionalsocialismo triunfou nunhas eleccións. Pero se non houberse outro medio que a violencia, que importaría? Todo sistema implantouse violentamente, incluso o brando liberalismo (a guillotina do 93 ten ao seu cargo moitas máis mortes ca Mussolini e Hitler xuntos).

A violencia non é censurable sistematicamente. Éo cando se emprega contra a xustiza. Pero ata San Tomé, en casos extremos, admitía a rebelión contra o tirano. Así, pois, o usar a violencia contra unha seita triunfante, sementadora da discordia, negadora da continuidade nacional e obediente a consignas estrañas (Internacional de Ámsterdam, masonería, etc.), por que vai descualificar o sistema que esa violencia implante?

J. A. PRIMO DE RIVERA.

Quen foi J. A. Primo de Rivera?

Atopas na súa ideoloxía algún trazo en común cos totalitarismos europeos?

De quen fala cando di «seita triunfante, sementadora da discordia, negadora da continuidade nacional»?

Que outros acontecementos ocorreron en 1933?

2. Realiza un informe sobre a situación socioeconómica de España a principios do século XX.

3. Que institucións formativas predominaron durante as primeiras décadas do século XX? Cal era a súa misión? Coñeces a alguén que estudase nelas?

4. Explica que desencadeou e que consecuencias tivo a crise de 1917.

5. A que se chamou o «problema de Marrocos»?

6. Fai unha breve biografía de José Canalejas.